



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Logo de ver o expediente 2019/E001/000001, relativo ao procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Grupo de Emerxencias Supramunicipais do Concello de Ponteceso, cuxas bases reguladoras foron aprobadas por medio da resolución da alcaldía núm. 789/2019 de data 29-11-2019, en cumprimento da Sentenza 000078/2019, de 13 de febreiro de 2019, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Contencioso Administrativo, Sección 1, recaída no recurso de apelación núm. 0000253/2018 interposto contra a ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña, de data 28 de marzo de 2018.

Logo de ver que existen erros nas bases Segunda, apartado b, e Décimo Cuarta, apartado 1, e Décimo Sétima ao estar duplicada, polo que de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cómpre proceder á rectificación dos erros existentes.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á rectificación dos erros padecidos nas bases reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Grupo de Emerxencias Supramunicipais do Concello de Ponteceso, en concreto nas bases Segunda apartado b), e Décimo Cuarta apartado 1, e anular a Décimo Sétima por estar duplicada coa Décimo Quinta, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

Segunda, apartado b): “Ter cumpridos os 18 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación”.

Décimo Cuarta, apartado 1: “Cos candidatos que superasen o proceso selectivo formarase unha lista pola orde decrecente da puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar as contratacións laborais temporais pola aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Texto Refundido do Estatuto do Traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballares con dereito a reserva do posto de traballo). Soamente poderá prescindirse desta bolsa de emprego cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas e a súa normativa reguladora impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes aos destas bases. A formación e a orde da bolsa de emprego cos candidatos aprobados, que aportaran a documentación esixida na base décimo primeira, aprobarase mediante a resolución da alcaldía e publicárase no taboleiro de anuncios e na web municipal.”

Décimo Sétima: Proceder a súa anulación por estar duplicada a mesma coa Décimo Quinta, co mesmo texto e contido.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na web municipal, ao obxecto da súa publicidade e xeral coñecemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 11/12/2019 12:39:00) , Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 11/12/2019 12:41:00)

Decreto Nº: 817/2019 - Fecha de decreto: 11/12/2019

Versión imprimible

CVD: xJcdGkxTihlzVLjcXk+J
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.